

**BASES DA CONVOCATORIA DO PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIOS E CREAÇÕES
AUDIOVISUAIS SOBRE A MEMORIA HISTÓRICA DAS MULLERES DE COMPOSTELA. ANO 2017**

Este premio encádrase nas medidas que leva a cabo a Concellaría de Igualdade para a consecución dos seus obxectivos básicos, entre os que se atopan: potenciar a presenza e o recoñecemento social das mulleres en todos os ámbitos da sociedade; facer visible as súas diversas achegas ao longo da historia; promover a igualdade efectiva de mulleres e homes; e erradicar as diferentes formas de discriminación e desigualdade que viven a día de hoxe as mulleres.


O Premio Xohana Torres foi instituído pola Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela no ano 1993 co obxecto de contribuír ao coñecemento sobre as mulleres que destacaron nalgún eido, tanto na actualidade como no pasado, na vida da nosa comunidade. Nas primeiras dezasete edicións premiáronse os traballos inéditos de investigación referidos a calquera aspecto social, histórico ou humano das mulleres dentro da comunidade galega. Nas edicións correspondentes aos anos 2009 e o 2010, decidiuse abrir o premio ao ensaio, tanto literario como científico, para abarcar diversas disciplinas como a ciencia, a filosofía, a historia, a antropoloxía ou a literatura, tendo como obxectivos e protagonistas as mulleres galegas. Entre o 2011 e o 2015 este premio no foi convocado.

No ano 2016 recuperouse de novo o Premio Xohana Torres, mantendo a esencia pola que se creou, orientándoo á recuperación da **MEMORIA HISTÓRICA DAS MULLERES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**.

Así mesmo, nesta edición 2017, o igual que na pasada edición, ademais de estar dirixido a ensaios literarios ou científicos, o premio ábrese tamén a traballos audiovisuais que teñan como finalidade explorar a historia social e política das mulleres compostelás, facer visible as súas experiencias e os diversos roles sociais que estas teñen desempeñado. Con estes obxectivos, recoñecer, valorar e impulsar todo tipo de traballos científicos, literarios e audiovisuais que recuperen a historia social e política das mulleres compostelás, convócase o **PREMIO DE ENSAIO E CREAÇÃO AUDIOVISUAL XOHANA TORRES**.

Xohana Torres, poeta, dramaturga e novelista, naceu en Santiago de Compostela en 1931. A súa infancia e mocidade transcorreron en Ferrol, onde foi alumna de Ricardo Carvalho Calero, con quen se inicia no coñecemento da literatura galega. Comezou a publicar poemas nas revistas *Aturuxo*, *Vida Gallega* e *Vieiros* e no ano 1958 recibiu o primeiro Premio de Poesía da Asociación de Prensa de Vigo. A súa obra poética mereceu tamén o Premio da Crítica Española (1981).

Como dramaturga é autora das obras *Á outra banda do Ibero* (1965) e *Un hotel de primeira sobre río* (1968), esta última Premio Castelao de Teatro. No ano 1971 publica a novela *Adiós María*, gañadora do Premio de Galicia do Centro Galego de Bos Aires. No ano 1992 foi galaradoada co Premio á Creación Feminina, instituído pola Xunta de Galicia. Autora tamén de obras de literatura infantil e tradutora, Xohana Torres obtivo o Premio de Etnografía da Deputación da Coruña polo seu ensaio *San Andrés de Lonxe, mitos e ritos*, e no ano 1972 recibiu o Pedrón de Ouro polo seu continuado labor en prol de Galicia.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Como recoñecemento á súa obra, o 15 de febreiro de 2001 foi proposta polos académicos Salvador García Bodaño, Xosé Luis Méndez Ferrín e Xosé Luís Franco Grande para ocupar a vacante na Real Academia Galega que correspondera ata daquela a don Aquilino Iglesia Alvariño, logo do cal ingresou como académica numeraria o 27 de outubro de 2001 cun discurso titulado “Eu tamén navegar”.

O Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres rexeráse polas seguintes

BASES

PRIMEIRA

Os traballos que se presenten ao premio tratarán da participación social e política das mulleres e terán como obxectivo reconstruír a súa memoria histórica. Poderán ser ensaios literarios ou científicos ou pezas audiovisuais e sempre se referirán a mulleres compostelás.

SEGUNDA

Poderán concorrer todas as persoas, de xeito individual ou colectivo, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, nunha soa das seguintes modalidades: **ensaio ou creación audiovisual**.

TERCEIRA

- Modalidade ensaio:

- a) Os participantes deberán presentar **por duplicado** un único traballo en soporte papel e dixital.
 1. **En formato papel** conterá un mínimo de 150 páxinas e un máximo de 300 páxinas, tamaño DIN A4, a dobre espazo, tamaño da fonte 12, con marxines de 2,5 centímetros, a unha soa cara e numeradas. Cada unha das copias estará grafada ou encadernada por separado.
 2. **En formato dixital** deberá presentarse en formato PDF cun tamaño máximo do arquivo de 100 MB presentándose en cadanseu DVD ou Pendrive
- b) As obras, deberán presentarse coa seguinte estrutura: **introdución**, na que se exprese o tema e o obxectivo do ensaio; **desenvolvemento** do tema, coa exposición e a análise deste; **conclusións**, os/as autores/as expresarán as súas ideas sobre o tema; **bibliografía**, coas referencias ás fontes consultadas.

-Modalidade creación audiovisual:

- a) Os traballos audiovisuais deberán **presentarse por duplicado** e ter unha duración mínima de 15 minutos e aceptárase calquera tipo de expresión artística: flashmob, textos biográficos lidos ante a cámara, videoclips, fotografías, fotomontaxes, curtametraxes etc.
- b) No caso dos traballos audiovisuais, presentaranse en formato DVD, no que se incluíra unha copia do vídeo e un link a unha plataforma de vídeos na cal poder ver a obra (Youtube ou Vimeo).

CUARTA

O prazo de presentación dos traballos comeza o día 8 de marzo e remata o 31 de decembro de 2017

QUINTA


Todas as obras terán que empregar a lingua galega e unha linguaxe non sexista.

SEXTA

Todos os traballos por duplicado presentaranse no Rexistro Xeral do Concello e baixo o sistema de plica. Deste xeito, as obras levarán un pseudónimo e estarán acompañadas dun sobre pechado coa indicación do título da obra e o pseudónimo do/a autor/a en cuxo interior irá unha folla cos datos da persoa ou persoas participantes (nome e apelidos, enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico). Dentro do sobre incluírase tamén unha declaración expresa de que a obra é inédita e non foi premiada ata a data de presentación en ningún outro certame ou premio. As persoas participantes serán responsables da orixinalidade e da titularidade dos seus traballos fronte a calquera reclamación de terceiros, en relación co Premio e coa edición e publicación que das obras se faga.

SÉTIMA

O xurado estará formado polo alcalde/alcaldesa de Santiago ou concelleira/o en que delegue, o/a reitor/ra da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa na que delegue, seis profesores/as desta no ámbito da ciencia política, da filosofía, da historia, da antropoloxía ou da literatura e do xornalismo ou comunicación audiovisual. Actuará como secretario/a do xurado, o secretario/a xeral do Concello de Santiago ou funcionaria/o en que delegue.



CONCELLO DE SANTIAGO

OITAVA

A composición do xurado publicarase con anterioridade á súa primeira reunión no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

NOVENA

A decisión do xurado, que será inapelable, darase a coñecer o día 8 de marzo do ano seguinte á convocatoria nun acto público celebrado para tal efecto na Casa do Concello. As persoas participantes, ou representantes designados para o efecto, deberán asistir, obrigatoriamente, ao antedito acto.

DÉCIMA

Premiaranse dous traballos, un na modalidade de ensaio e outro na modalidade de creación audiovisual. Cada un dos premios estará dotado con **2.500 €** e suxeito ás retencións fiscais que legalmente lle sexan aplicación. As persoas gañadoras recibirán do Concello de Santiago de Compostela estes premios, a conta dos dereitos de edición das obras por parte do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ao Concello de Santiago e á Universidade de Santiago de Compostela dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por aparte da/s persoa/s gañadora/s, nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril).

A concesión dos premios quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión, que terá lugar o 8 de marzo de 2018.

DÉCIMO PRIMEIRA

Os orixinais non premiados poderán ser retirados polos seus autores/autoras no Concello de Santiago ata o día 8 de abril seguinte ao acto de entrega do premio. No caso de non ser retirados en dito prazo, quedarán na propiedade do Concello.

DÉCIMO SEGUNDA

A participación neste premio supón a aceptación destas bases. O incumprimento dalgunha delas suporá a exclusión do certame.